

**VI. ANUNCIOS****C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

*ANUNCIO do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición femininos de primeiro e segundo máximo nivel estatal de Galicia de 2022.*

A Fundación Deporte Galego, tendo en conta que nos seus fins establece o fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia, pon en marcha a III edición do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición femininos de 1º e 2º máximo nivel estatal de Galicia de 2022.

A fundación remitiralle un correo electrónico á entidade obxecto de patrocinio e convidaraa para a presentación da solicitude de patrocinio que se xunta ao texto do plan de patrocinio.

A entidade invitada para tomar parte no procedemento DE400C presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que se realizase a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), e habilitarase unha ligazón na guía de procedementos e servizos co código DE400C.

O prazo máximo para a presentación das solicitudes será de sete (7) días naturais, contados desde a propia data de recepción da invitación. A presentación das proposicións por unha vía diferente á sinalada será causa de rexeitamento ou exclusión.



As bases poderanse consultar na seguinte ligazón: <https://deporte.xunta.gal/gl/convocatorias/de400c-plan-patrocinio-equipos-alta-competicion-femininos-galicia-2022>

Teléfono 881 99 63 77.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

José Ramón Lete Lasa  
Presidente da Fundación Deporte Galego

CVE-DOG: k6lcp142-xgn1-2vo0-b4k2-8f2dhq78mqk8

